

WISLAWA SZYMBORSKA

Wisława Szymborska naceu en Kórnik (Polonia) no ano 1923. Cando tiña oito anos, a súa familia trasladouse a Cracovia, onde estuda, traballa e vive ata o seu pasamento, no ano 2012. A súa historia viuse enmarcada pola ocupación alemá durante a II Guerra Mundial.

Ao comezo deste conflito bélico, Alemaña ocupou Polonia no ano 1940, o que provocou que a cidadanía polaca non puidese asistir ás escolas públicas. Tras formarse durante anos dun xeito clandestino, Szymborska rematou os seus exames da escola secundaria no ano 1941.

En 1943 converteuse en empregada dos ferrocarrís, logrando así evadir a deportación a Alemaña para traballos forzados. Desta época son os seus primeiros contos e poemas.

Ao remate da guerra, inscribiuse na Universidade Jagellónica de Cracovia para estudar Lingua e Literatura Polaca e Socioloxía, estudos que non puido rematar por problemas económicos.

Durante os seus anos de universidade comezou a publicar poesía en xornais e revistas. Nunha delas, “*Vida Literaria*”, tivo unha columna de crítica durante trece anos.

A partir do seu poemario “*Por eso vivimos*”, obtén o recoñecemento público. A súa poesía ten dúas cualidades que a fan incomparable: constrúese cunha linguaxe cotiá e esta linguaxe arrastra ás persoas lectoras, obrigándoas a pensar na lingua coma un material que se pode transformar en sentidos.

Algunhas das súas obras son “*Preguntas hechas a una misma*”, “*Llamada al Yeti*”, “*La Sal*”, “*Gente en el puente*”, ou “*Fin y principio*”.

No ano 1996 gañou o Premio Nobel de Literatura pola poesía que, con precisión irónica, permite que o contexto histórico e biolóxico saia á luz en fragmentos da realidade humana.

Ainara Devesa Migueles

3º ESO B